

## **CONCELLERÍA DE CULTURA. CONCELLO DE CULLEREDO**

O vindeiro venres día 9 de xaneiro, ás 21.00 horas no Edificio Municipal de Servizos Múltiples terá lugar a proxección da longametraxe “FRIO”, un drama policial dirixido por Román Gutiérrez da Silva (Lalín, 1971) e interpretado por Xoque Carvajal e Tzeitel Rodríguez.

A proxección oficial terá lugar no Teatro Principal de Santiago de Compostela e, ao mesmo tempo, poderá verse en máis de cincuenta concellos galegos en coordinación con Cinemas Dixitais e impulsada por A PRODUCTORA MORTA (firma independente responsable de títulos como “O don da dúbida”) co obxectivo de dar a coñecer ao gran público un cine galego que aspira a conciliar calidade narrativa e vocación industrial.

“FRIO” é unha historia de cinema negro que se desenvolve nun contexto social. As personaxes son seres fora do seu tempo que loitan na aparencia por cartos, aínda que no fondo as súas motivacións son moito máis profundas. Lembranzas, reencontros e traizóns conviven nunha trama de violencia implícita onde apenas hai lugar para os bos sentimentos.

O argumento de “Frío” desenvolve a historia de Mario que vive nunha residencia de verán co seu amigo Santi, funcionario de prisións. Un día reencóntrase coa súa antiga moza, Laura. Leva vinte anos sen vela e ela cae inconsciente nos seus brazos. Laura ten uns documentos incriminatorios para Polo, antigo amigo de Mario e actual parella de Laura.

“Frío” foi filmada en localizacións de Santiago, O Grove e Caminha (Portugal).

A entrada é de balde e recomendada para público adulto.

Culleredo, 7 de xaneiro de 2009

O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez